

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de febreiro de 2023**

Ás 18.00 horas do día 15 de febreiro de 2023, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Álvaro José Fernández López

D.^a María Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten os deputados do Grupo Popular, don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona María Consuelo Vispo Seara), nin don Jorge Pumar Tesouro (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2023.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:
Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 18 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2023

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D, Bernardo Varela López, do BNG, sinala que comparando este plan coa modificación orzamentaria tratada na comisión anterior bótanse en falta maiores fondos da Deputación e maiores investimentos. Respecto do plan da rede viaria pide que sexan tidos en conta os criterios técnicos á hora de priorizar a execución das obras do dito plan.

D.ª Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que unha vez analizadas as solicitudes dos concellos respecto do plan de cooperación ás obras e servizos municipais e visto o incremento de concellos que deciden adherirse á base novena, queda claro que os concellos da provincia demandan un plan único no que sexan os propios concellos os que decidan o destino dos seus fondos. Lembra que 21 concellos gobernados polo PP optan por adherirse a esta modalidade. Reitera a demanda do seu grupo de que se realice un reparto xusto e equitativo e non igualitario como o que formula este plan provincial.

O **presidente da comisión** indica que a incorporación da base novena do plan provincial é unha proposta do grupo de goberno e que tivo unha boa aceptación e respecto do plan da rede viaria sinala que este se realizará conforme cos criterios técnicos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), de Do (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da Rede viaria provincial para o exercicio 2023 (Plan Base), co detalle que figura na relación de obras para o efecto redactada, co seguinte resumo:

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN E ESTRADAS

	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
1.- Obras municipais	2.470.000,00 €	364.434,28 €	2.834.434,28 €
2.- Adhesión á base 9ª	2.040.000,00 €		2.040.000,00 €
2.- Rede Viaria Deputación	1.500.000,00 €		1.500.000,00 €
TOTAL	6.010.000,00 €	364.434,28 €	6.374.434,28 €

PLAN COMPLEMENTARIO			
	DEPUTACIÓN	CONCELLOS	TOTAL
Obras municipais	1.488.000,00 €	656.894,10 €	2.144.894,10 €
Rede Viaria Deputación	5.411.806,07 €		5.411.806,07 €

2º.- Somete-lo Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente a Corporación Provincial, para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O REPARTO XUSTO, EQUITATIVO E DEMOCRÁTICO DOS FONDOS PÚBLICOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ENTRE TODOS OS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que estamos seguramente ante o tema máis tratado e debatido no mandato da Deputación que está a punto de finalizar. O seu grupo está

de acordo coa proposta e cos razoamentos que figuran na moción e espera que despois de maio, co novo mandato, poida ser unha realidade.

O presidente da comisión manifesta que a postura do grupo de goberno respecto a esta reivindicación do Grupo Socialista xa é moi coñecida.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á constitución dun grupo de traballo, formado por unha representación proporcional de todos os grupos políticos presentes na corporación, co fin de aprobar un instrumento de cooperación cos 91 municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, que permita executar un reparto xusto, operativo, equitativo e democrático dos fondos públicos da institución, no que a elección da actividade subvencionable corresponda ás entidades locais.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense á aprobación dun instrumento de cooperación –plan único- que garanta que os 91 municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes teñan un acceso xusto, operativo, equitativo e democrático aos recursos necesarios para obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial, así como para actividades e servizos que sexan de competencia municipal, co fin de mellorar as súas prestacións e para impulsar o seu desenvolvemento económico e social.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a financiar ou, polo menos, cofinanciar os proxectos presentados polos municipios que foron rexeitados polo goberno provincial nos últimos anos, con base no seu deber legal recollido na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, que establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e de xestión, con base en principios que permitan a equidade das súas políticas e os seus investimentos.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, dique visto que a Xunta de Galicia e o seu ente Sogama non tomou en consideración o acordo plenario do 25 de novembro de 2022 desta Deputación ao respecto das bonificacións no que atinxe á priorización do sistema de

compostaxe comunitaria ou familiar fronte o quinto contedor, tal como si está recollido no artigo 25, punto 1 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Tendo en conta o grave prexuízo que este despropósito ten para moitos concellos da provincia e a propia xestión que realiza de xeito directo esta Deputación Provincial, pregunta ¿tense previsto realizar algunha xestión ao respecto, chegando incluso a impugnar a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, modificada novamente pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, por ir claramente en contra do exposto na Lei 7/2022 e dos intereses e a capacidade de decisión dos concellos da provincia?

O **presidente da comisión** pregúntalle ao Sr. Varela se se lle contestou por escrito, ao que este contesta que non. Sobre este asunto o presidente indica que tecnicamente non existen motivos de ilegalidade para poder impugnar o precepto referido. Engade que a posición do grupo de goberno da Deputación xa quedou moi claro na moción que se debateu e votou no pleno provincial onde, por unanimidade, se apoiou a moción do BNG. Sen prexuízo dixo, entende que a adopción de accións xudiciais non é procedente, xa que na norma non existe ningunha infracción legal.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta en que estado se atopa o proceso de externalización do servizo de recollida de lixo.

O **presidente da comisión** indica que o 10 de febreiro se publicou no BOP o trámite de información pública relativo á fórmula de revisión de prezos e que, paralelamente, nestes meses realizaranse os trámites de estabilización do persoal laboral e de negociación na mesa xeral, para, posteriormente, poder elevar o expediente de contratación ás unidades territoriais e posteriormente ao pleno da Deputación.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta tamén por que no plan provincial seguen figurando 400.000 euros para o proxecto de novo trazado da estrada de Vilamartín de Valdeorras, preguntando se esta opción non estaba xa desbotada.

O **presidente da comisión** contesta que tras diferentes reunións entre a Deputación, o Concello, a Dirección Xeral de Minas e a empresa louseira que opera na zona, quedou constatado que o suposto aforro que se podía conseguir coa proposta do alcalde de Vilamartín de Valdeorras non pode levarse a cabo e así o expuxo a referida empresa. Engade que entende que os esforzos de todas as partes debe centrarse na estrada municipal que dá acceso ao pobo e que o compromiso da Deputación xa quedou claro na modificación orzamentaria que se tratou na comisión informativa anterior e onde figuraba financiamento provincial, tanto para a

obra de emerxencia para reparar o acceso polo regato de Preates como para a solución definitiva que se quere abordar, pero todo isto sen desbotar aínda ningunha opción. Engade que a inclusión no plan provincial é para que a Deputación teña marxe de actuación para a solución deste problema.

E ás 18.20 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.